

SANTA CATARINA  
DE MONTEFARO



Entre as rias de Ferrol e Betanzos,  
no alto dun outeiro da vila de  
Ares, elévase o mosteiro de Santa  
Catarina de Montefaro

*Ria de Ferrol*



*Ria de Betanzos*


Conta a lenda que neste lugar houbo un templo  
romano dedicado ao sol, sobre o que despois se  
construíra un cenobio e un albergue templario.



Houbo que esperar ata finais do século XIV para a creación do mosteiro a mans dos monxes da Orde Terceira Regular de San Francisco, dedicado a Santa Catarina.




Frei Lopo e os seus compañeiros foron os encargados da súa construción.



Esta obra foi sufragada polo cabaleiro Fernán Pérez de Andrade, gran promotor de construcións relixiosas e públicas como mosteiros, igrexas, hospitais ou pontes.

A portada occidental  
do novo templo  
concebíase como a  
porta do ceo que  
acolle ao fiel.






CONXETURAL

MUSEO ARQUEOLÓXICO  
CASTELO DE SANTO ANTÓN

CABIDO DE MONTEFARO







A principios do século XVIII elevouse o Cabido, un vestíbulo cuberto con bóveda de cruceira. Protexía a portada occidental do templo e o antigo acceso medieval ao convento. Empregábase para diversos usos, litúrxicos e sociais.

No século XVIII abordâronse as principais reformas do templo: construíuse unha nova capela maior e outra portada occidental, eleváronse a torre e o Cabido coas súas dúas portadas occidental e meridional.



A principios do século XX comeza o seu uso militar. Reconstruíse a fachada sur por completo. Cégase a porta oeste barroca, de acceso ao Cabido. O mosteiro convértese en cuartel, o templo en hospital de tropas.





Actualmente este espazo atópase aberto ao público tras un proceso de rehabilitación e musealización, que restableceu o uso das portas occidental e setentrional, á vez que recuperou e consolidou algunhas pezas da portada desaparecida.